



# **INFORME ANUAL de SEGUIMIENTO**

**Título:**

**Grao de Historia da Arte**

**Curso Académico: 2012-13**

## 1.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	<b>Grao</b> en Historia <b>da</b> Arte
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	2500974
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Universidade solicitante	<b>Universidade</b> de Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Xeografía e Historia
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	--
Responsable do título	Decano: Juan M. Monterroso Montero
Correo electrónico do responsable do título	<a href="mailto:zhisdeca@usc.es">zhisdeca@usc.es</a>
Curso de implantación do título	2009-2010
Data última acreditación	22-06-2009

## 2.- INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DO TÍTULO

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES...
<p><b>Descrición do título</b></p>	<p>Denominación            Rama de coñecemento            Universidade solicitante            Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título, ou no seu caso, departamento ou instituto            Centro/s onde se imparte o título            No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s            Tipo de ensinanza            Réxime de estudo            Periodicidade da oferta            Número de <b>prazos</b> de novo ingreso ofertadas            Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e período lectivo            Normas de permanencia            Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título            Responsable do título            Coordinador do título            Data da autorización da implantación do título pola Xunta de Galicia            Data publicación BOE            Data última acreditación            Memoria vixente do título            Informe final de avaliación previo á verificación</p>	
<p><b>Xustificación</b></p>	<p>Xustificación do título proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional            Referentes externos á Universidade            Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos            Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade            Política de calidade            Obxectivos de calidade            Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES...
<p><b>Competencias Obxectivos</b></p>	<p>Obxectivos do título. Competencias xerais que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título. Competencias específicas que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título. Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos. Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	
<p><b>Acceso e admisión de estudantes</b></p>	<p>Demanda Matriculación Información previa á matriculación sobre acceso e admisión (criterios de acceso e admisión). Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso Condições ou probas de acceso especiais, se existen Información sobre o apoio e orientación aos estudantes. Información sobre a transferencia e recoñecemento de créditos. Información sobre el curso <b>ponte</b> ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe. Información sobre os complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso. Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes. Procedemento documentado para a orientación aos estudantes. Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	
<p><b>Planificación das ensinanzas</b></p>	<p>Estructura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo. Distribución temporal. Horarios. Mecanismos de coordinación docente. Infraestruturas. Guías docentes/Programación docente. Sistema de avaliación. Traballo fin de grao/máster (Comisión, convocatorias, etc.) Procedemento documentado para a planificación e desenvolvemento da ensinanza. Procedemento documentado para a revisión e mellora do título. Procedemento documentado da oferta formativa. Composición, funcións e responsabilidades da comisión académica do título. Criterios de suspensión do título. Desenvolvemento da ensinanza. Procedemento documentado para a suspensión do título. Procedemento documentado para a xestión de incidencias, reclamacións e</p>	

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES...
	<p>suxestións.</p> <p>Procedemento documentado para a expedición de títulos oficiais.</p> <p>Perfil de ingreso recomendado.</p> <p>Perfil de egreso.</p> <p>Normativa académica do curso.</p> <p>Baremo empregado no proceso de admisión.</p> <p>Calendario de pre-<b>inscrición</b></p> <p>Listados de admitidos/<b>excluídos</b> (provisional, definitivo).</p> <p>Información sobre o seguro escolar.</p> <p>Información sobre o servizo de asesoramento e promoción do estudante.</p> <p>Información sobre o servizo de apoio ao emprego.</p> <p>Información sobre cursos a estudantes.</p> <p>Información sobre actividades culturais, deportivas e de voluntariado.</p> <p>Información sobre a mobilidade.</p> <p>Información sobre as prácticas externas, se as houberse.</p> <p>Información sobre o plan de acción tutorial.</p> <p>Normativa académica.</p> <p>Procedemento documentado dos perfís de ingreso/egreso e captación de estudantes.</p> <p>Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes.</p> <p>Procedemento documentado de orientación aos estudantes.</p> <p>Procedemento documentado de mobilidade dos estudantes.</p> <p>Procedemento documentado de prácticas externas, se as houberse.</p> <p>Procedemento documentado de orientación profesional.</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro).</p>	
<p><b>Recursos humanos</b></p>	<p>Descrición do profesorado.</p> <p>Descrición <b>doutros</b> recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos</p> <p>Procedemento documentado da política do PDI e PAS.</p> <p>Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación).</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	
<p><b>Recursos materiais e servizos</b></p>	<p>Aulas e seminarios</p> <p>Espazo do persoal académico</p> <p>Laboratorios</p> <p>Salas de <b>informática</b></p> <p>Salas de estudo</p> <p>Outros espazos para os estudantes</p> <p>Biblioteca</p> <p>Servizos dispoñibles</p>	

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES...
	<p>Espazos para os representantes de estudantes</p> <p>Outros equipamentos</p> <p>Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais</p> <p>Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p> <p>Taxa de rendemento</p> <p>Taxa de abandono</p> <p>Taxa de eficiencia</p> <p>Taxa de graduación</p> <p>Outras taxas que o título fai públicas (SGIC)</p> <p>Taxas de inserción laboral</p> <p>Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes</p> <p>Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades</p> <p>Procedemento documentado para a avaliación do aprendizaxe</p> <p>Procedemento documentado para o control de resultados académicos</p> <p>Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos</p> <p>Procedemento documentado de información pública</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	
<p><b>Resultados previstos</b></p>	<p>Organo responsable do sistema de garantía da calidade do título</p> <p>De ser o caso, planificación estratéxica</p> <p>Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado</p> <p>Procedementos documentados para <b>garantir</b> a calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade</p> <p>Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida</p> <p>Procedemento documentado para a análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.)</p> <p>Procedemento documentado para a análise e atención ás suxestións ou reclamacións</p> <p>Procedemento documentado de suspensión/extinción do título</p> <p>Manual do SGIC</p> <p>Informe final de certificación do SGIC</p> <p>Listado de documentos en vigor do SGIC</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	
<p><b>Sistema de garantía da calidade</b></p>		

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES...
<p><b>Calendario de implantación</b></p>	<p>Cronograma de implantación do título            Información sobre a adaptación, no seu caso, dos estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos            Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto</p>	

### 3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓNS E TOMA DE DECISIONS.

Descrición do título							
<i>Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>• IN01-PC-05      Prazas ofertadas 80 - 02/10/2013 - Anual-SIGC</li> <li>• IN02-PC-05      Matrícula            277 - 02/10/2013 - Anual-SIGC</li> <li>• IN03-PC-05      Matrícula de novo ingreso 90 - 02/10/2013 - Anual-SIGC.</li> <li>• IN04-PC-05      Variación da matrícula de novo ingreso    1,12 - 02/10/2013 - Anual-SIGC</li> <li>• IN29-PS-01      Estudantes por profesor    8,66 - 02/10/2013 - Anual-SIGC</li> <li>• IN30-PS-01      Media de alumnos por grupo de teoría    60,67 - 02/10/2013 - Anual-SIGC</li> <li>• IN31-PS-01      Media de alumnos por grupo de práctica    31 - 02/10/2013 - Anual-SIGC</li> </ul> <p>A Historia da Arte como disciplina científica comeza no século XVIII, momento no que empezan a tomar forma unha serie de plans de ensino que posibilitaron a formación de profesionais nesta disciplina. Para o caso que aquí nos incumbe, con anterioridade aos estudos que actualmente se imparten na Facultade de Xeografía e Historia á que está adscrita esta titulación, produciuse unha evolución desde os antigos estudos de licenciatura (Filosofía e Letras, Xeografía e Historia e Historia da Arte) ata os novos plans adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, no que predomina un panorama nos estudos universitarios marcado polos títulos de Grado.</p> <p>Dentro deste amplo panorama, o referido ao Grao en Historia da Arte, trátase dunha titulación que se ofrece de forma exclusiva, dentro do sistema universitario galego na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Compostela, o que lle outorga a condición de titulación única non só no marco da Universidade compostelá, senón tamén no doutras dúas universidades galegas ao ser un título que non se oferta dentro dos seus plans de estudo, polo que todo alumno que queira cursala debe matricularse na USC.</p> <p>É este feito unha das razóns que poden explicar a alta matrícula en todos os cursos, en constante crecemento desde que se implantaron os estudos do Grao (Datos de matrícula.- Curso 2009-2010.- 78; Curso 2010-2011.- 143; Curso 2011-2012.- 219. Curso 2012-13. 277. Fonte. IN02-PC-05). Ao mesmo tempo que tamén pode explicar a taxa alcanzada na matrícula de novo ingreso, na que se observa un mantemento ou incremento constante de alumnos (Datos de matrícula de novo ingreso.- Curso 2009-2010.- 73; Curso 2010-2011.- 82; Curso 2011-2012.- 82. Curso 2012-13. 90. Fonte. IN03-PC-05), que leva a unha reducida taxa de variación na matrícula de novo ingreso (Datos de variación de matrícula de novo ingreso. Curso 2009-2010.- Curso 2010-2011.- 12.3%; Curso 2011-2012.- 0%; Curso 2012-13.- 1.12%. Fonte.- IN04-PC-05) Datos que se comprenden na súa verdadeira dimensión, si tense presente que esta titulación reduce a súa matrícula a oitenta prazas ofertadas en todos os cursos, número que salvo en o primeiro dos cursos, sempre se superou (Datos de prazas ofertadas.- Curso 2009-2010.- 80; Curso 2010-2011.- 80; Curso 2011-2012.- 80. Curso 2012-13. 80. Fonte. IN01-PC-05).</p> <p>Esta titulación ao estar adaptada ao marco europeo, do mesmo xeito que todas as que cumpren con este requisito, baséase nun sistema de créditos ECTS, no que o alumno para terminar os estudos debe realizar un total de 240, divididos en catro anos; anos nos que debe cursar unha serie de materias coas que se trata de cumprir os obxectivos e competencias que, recollidos na memoria do título, permitan lograr un equilibrio na formación dos futuros egresados á vez que garantir a calidade do sistema de ensino-aprendizaxe desta disciplina.</p> <p>Por isto, a titulación, que pode ser realizada a tempo completo ou tempo parcial polos alumnos, baséase nun sistema de ensinanza presencial, na que a ratio de alumno por profesor vaise elevando debido a demanda de prazas de xeito progresivo (Datos de estudantes por profesor. Curso 2009-2010.- 5.2; Curso 2010-2011.- 5.72; Curso 2011-2012.- 6.84. Curso 2012-13. 8.66. Fonte. IN29-PS-01), o que supón unha media de alumnos por grupo de teoría significativa (Datos. Media de alumnos por grupos de teoría. Curso 2009-2010.- s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d. Curso 2012-13. 60.67. Fonte. IN30-PS-01), que sen embargo baixa debido o carácter da docencia nos grupos de prácticas Datos. Media de alumnos por grupos de práctica. Curso 2009-2010.- s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d. Curso 2012-13. 31. Fonte. IN31-PS-01), co fin de mellorar a calidade da ensinanza</p> <p>Ensinanzas que nos primeiros anos centrase en materias de carácter xeral para, a medida que o alumnado cursa estudos, profundar no proceso de especialización, ben por medio de materias máis específicas ou por medio da posibilidade de que o alumno seleccione aquelas de maior interese, ao centrarse no último dos anos, a posibilidade de que o alumno deseñe por medio da súa elección aquelas materias máis acordes ao seu deseño curricular. Igualmente tamén dentro desta procura de materias acordes ao deseño curricular e en relación á preparación para a súa inserción no mundo laboral, o alumno pode realizar, sempre cun carácter optativo, as PAE, o que contribúe a mellorar a</p>							



adquisición de competencias e a cumprir cos obxectivos plasmados na memoria que se exemplifican no TFG que o alumno, xa de forma obrigatoria, debe realizar e superar para a obtención do seu título.

**Conclusións**

A descrición do título segue sendo axeitada, tal e como proban, os diferentes indicadores que se avalan co alto porcentaxe de resultados.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Establecemento dun límite na oferta de prazas da titulación.
2. Sistema de ensinanza presencial no que prima a interacción alumno-profesor sobre a autoaprendizaxe.
3. Información pública e accesible do título na web. (<http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/titulacions.html?plan=12734&estudio=12735&codEstudio=12332&valor=9> )
4. Establecemento dun apartado de novas que se actualiza periodicamente coa información relativa ao título e temas de interese. (<http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/index.html>)
5. Seguimento do título por parte da Comisión da titulación e da Comisión de calidade do centro

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**1. Revisión da Memoria de verificación do título do Grao de Historia da Arte**

- **Punto débil:** Necesidade de mellorar aspectos da memoria de verificación para subsanar as deficiencias detectadas no proceso de implantación e actualizala incorporando as novidades que nestes anos se produciron e que non están recollidas independentes do proceso de verificación
- **Ámbito de aplicación:** Grao de Historia da Arte. USC
- **Responsable:** Decano, Comisión redactora para a modificación da memoria do Grao
- **Obxectivos específicos:** Mellorar a titulación
- **Actuacións a desenvolver:** Estudo, modificación, actualización e corrección da memoria de verificación do título para mellorar aspectos que subsanen as deficiencias detectadas durante o proceso de implantación.
- **Período de execución:** Curso 2014-2015 Finalización: novembro 2015. Implantación (condicionada á verificación) curso 2016-17
- **Recursos/financiamento:** Non se precisan
- **Responsable do seguimento:** Coordinador de título, Decano do Centro
- **Indicadores de execución:** Nomeamento da Comisión redactora da memoria de Grao. Curso 2013-14; Entrega da memoria modificada para verificación (novembro 2015); Verificación.- Curso 2015-16

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

## Xustificación

*Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>X</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

- Datos **Análises** da inserción laboral dos titulados no SUG 2008-2009
- IN03-PC-05 Matrícula de novo ingreso 90 - 02/10/2013 - Anual-SIGC.
- IN04-PC-05 Variación da matrícula de novo ingreso 1,12 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN10-PC-05 Relación de estudantes preinscritos sobre as prazas ofertadas (Grao) 87,5 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN12-PC-05 Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas 112,5 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

A Historia da Arte, na súa condición de disciplina, non só se encarga da análise das diferentes obras de arte, senón que o campo de actuación vai máis alá, analizando a maioría dos procesos culturais que o home materializa ao longo do proceso histórico. É por iso que cada vez os profesionais desta disciplina cumpren un papel máis activo e dinámico para a sociedade, xa que coa súa actividade permiten dar resposta a moitas das actuais demandas da sociedade, sobre todo en todo aquilo relacionado co patrimonio cultural e a súa posible xestión, papel na que o historiador da arte xoga un activo papel. Este dato pode explicar o feito de que a inserción laboral dos alumnos que cursan Historia da Arte sexa inferior á media das titulacións de Arte e Humanidades do SUG (9.91) e da USC (9.38), mentres que a antiga Licenciatura de Historia da Arte está nun 7.00 (Datos Análises da inserción laboral dos titulados no SUG 2008-2009).

De aí o interese por estes estudos, interese que se xustifica por si mesmo ao tratarse dunha titulación única dentro do SUG. E o feito da súa vixencia para a sociedade é a forte demanda da matrícula de novo ingreso (Datos de matrícula de novo ingreso.- Curso 2009-2010.- 73; Curso 2010-2011.- 82; Curso 2011-2012.- 82. Curso 2012-13. 90. Fonte. IN03-PC-05), na que se observa unha pequena variación ascendente, constante na maior parte dos anos nos que este título se ofertou (Datos de variación de matrícula de novo ingreso. Curso 2010-2011.- 12.3%; Curso 2011-2012.- 0%; Curso 2012-13.- 1.12%. Fonte.- IN04-PC-05). Do mesmo xeito, outro dato que leva á xustificación do título e a súa vixencia para a sociedade é a alta porcentaxe de estudantes preinscritos para a matrícula, en relación coas prazas ofertadas, (Datos de relación de estudantes preinscritos sobre as prazas ofertadas. Curso 2009-2010.- 75; Curso 2010-2011.- 70; Curso 2011-2012.- 92.5; Curso 2012-13.- 87.5 Fonte.- IN10-PC-05), así como os que acaban matriculándose na mesma (Datos de Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre as prazas ofertadas. Curso 2009-2010.- 91.25; Curso 2010-2011.- 102.05; Curso 2011-2012.- 102.5; Curso 2012-13.- 112.5 Fonte.- IN12-PC-05).

Este intereseponse de manifesto no novo papel que xogan os graduados desta disciplina que tende cara á orientación de saídas profesionais, cada vez máis dinámicas e abertas e que hai un tempo eran dificilmente compatibles co campo da Historia da Arte. Son estes novos horizontes profesionais os que levan a que á hora de elaborar a memoria e para validar a mesma, como sistema de resposta ás novas demandas da sociedade, se leve a cabo a consulta a referentes académicos e profesionais da disciplina -consultas a nivel local, autonómico e nacional-, tanto implicados en formulacións teóricas como profesionais relacionados coa Historia da Arte.

#### Conclusións

En función dos datos proporcionados, a xustificación do título, en función da demanda de matrícula e do seu mantemento, é plena.

#### BOAS PRÁCTICAS:

1. Colaboración con referentes externos e internos referidos ao interese da titulación.
2. Proposta de título avalada por referencias nacionais e internacionais no campo da organización de titulacións semellantes.
3. Mantemento actualizado da web do título.
4. Alto nivel de implicación das empresas e institucións públicas na organización das PAE do título.  
[https://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Relacixn\\_de\\_convenios.pdf](https://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Relacixn_de_convenios.pdf)
5. Organización e realización dun curso de orientación laboral para alumnado dos últimos cursos, no que participan diversas empresas e entidades públicas.
6. Adecuación dos contidos ao mercado laboral.

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

**1. Elaboración de Plan Estratégico, Programación plurianual e Plan de Mellora do Centro**

- **Punto débil:** A complexidade do Sistema Interno de Garantía de Calidade –SIGC–, impediu a aplicación do SIGC nas titulacións concretas do centro.
- **Ámbito de aplicación:** Facultade de Xeografía e Historia e Xunta de Facultade.
- **Responsable:** Decano. Comisión de Calidade do Centro.
- **Obxectivos específicos:** Establecer as liñas directrices da titulación acordes coas demandas da sociedade.
- **Actuacións a desenvolver:** Definir as liñas de acción e interese das titulacións do centro para planificar o futuro próximo, tendo en conta as novas esixencias sociais e científicas do século XXI.
- **Período de execución:** Xuño de 2014
- **Recursos/financiamento:** Non se precisan
- **Responsable do seguimento:** Decano. Comisión de Calidade do Centro, Xunta de Facultade
- **Indicadores de execución:** Plan estratégico, Programación plurianual e Plan de mellora

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

## Competencias/Obxectivos

*Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>X</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Na memoria de verificación do Grao que figura na web recóllese os obxectivos tanto xenéricos como específicos que se pretenden conseguir coa realización da titulación, obxectivos que gardan relación coas competencias que o alumno, unha vez cursados os estudos debe alcanzar. Tanto os obxectivos como as competencias aparecen publicados de forma accesible e clara na web do centro, na que se aporta información respecto ao título. (<http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/memoria.pdf>; <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12734>)

Igualmente cómpre indicar que para garantir o cumprimento nas diferentes programacións das materias dos obxectivos e competencias a desenvolver e co fin de evitar que se produzan coincidencias nas mesmas, a Comisión de título, previa a aprobación das programacións polo Consello de Departamento, revisa e coordina as programacións para que as competencias se distribúan entre as diferentes materias, ao tempo que potencia accións de coordinación entre os diversos profesores e departamentos, implicados na docencia do grao para conseguir garantir o mantemento dos aspectos recollidos na memoria da titulación.

Xunto con estas accións, necesarias e imprescindibles en calquera titulación, e unha vez concluídos os catro anos dos cursos de Grao, para valorar estes obxectivos o curso pasado propúxose a realización dunha enquisa entre os grupos de interese relacionados coa titulación, na que se tivese en conta a vixencia dos obxectivos e competencias acadados polo alumnado cos estudos de Grao. A enquisa foi realizada no marco das PAE, en concreto aos titores externos, obtendo uns resultados axeitados no programa, que indican que o alumno adquiriu as competencias profesionais que recollidas no título da memoria lle permiten desenvolver a súas actividades no ámbito profesional e que o grao de satisfacción dos empregadores foi dun 4.24 e o dos titores de 4.76 (ambos os dous indicadores sobre 5). Fonte: Resultado das PAE. Curso 2012-13. (<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/pae.html>)

Polo que respecta á visión do alumnado, pódese afirmar que a cualificación proporcionada polos alumnos para a Adquisición ou potenciación das competencias do título de Hstoria da Arte é dun 3.58 (sobre 5), superando esta media varios ítems (Capacidade para a aprendizaxe 3.62; Pensamento crítico, 3.65; Comunicación oral/escrita 3.61, traballo en equipo 3.75; traballo independente 3.98; Traballo baixo presión 3.91; capacidade de análise 3.68; asumir responsabilidades 3.80; capacidade para resolver problemas 3.75), media que, con todo, non se supera noutros (iniciativa, 3.29, creatividade, 3.65, capacidade de planificación, coordinación e organización 3.58 e capacidade de liderado 3.02), factores estes últimos que se deben potenciar á hora de mellorar a calidade da titulación (Fonte.- Títulos de Grao dá USC. Informe de enquisa de satisfacción de egresados 2012)

Igualmente, a consecución dos obxectivos e competencias do título pódese observar nos resultados obtidos nos TFG, nos que os alumnos conseguiron materializalos, e por iso demostrar a adquisición tanto dos obxectivos como das competencias da titulación nun 88.88%; baremo elevado, no que máis dun 75% estivo cualificado cunha media superior a un Notable. Fonte: Relación de traballos fin de grao defendidos no curso académico 2012/13 e Traballos fin de Grao. Resultados Curso 2012-13 (<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/tfg.html>) e <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/tfg.html>)

#### Conclusións

Tal e como se establece polos datos analizados, tanto os obxectivos como as competencias da titulación continúan tendo unha total vixencia.

#### BOAS PRÁCTICAS:

1. Establecemento dos obxectivos do título como marco referencial para a fixación dos diferentes niveis de obxectivos específicos en módulos e materias do grao.
2. Reunións de coordinación entre os responsables da titulacións cos profesores implicados, para garantir a distribución de obxectivos e competencias entre os diferentes módulos.
3. Revisión das programacións das materias pola Comisión de titulacións, previa a Xunta de Facultade e con posterioridade á aprobación polo consello.
4. Mantemento da información pública e actualizada na web sobre os obxectivos da titulación e as competencias da mesma.
5. Realización de enquisa propia para elaborar o grao de satisfacción dos titores das PAE.
6. Compromiso dos responsables da titulación, do profesorado e do persoal de Administración na consecución das competencias do título.
7. Realización dun curso de competencias profesionais.

<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>	
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>

### Acceso e admisión de estudantes

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

- IN01-PC-05      Prazas ofertadas 80 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN02-PC-05      Matrícula            277 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN03-PC-05      Matrícula de novo ingreso 90 - 02/10/2013 - Anual-SIGC.
- IN04-PC-05      Variación da matrícula de novo ingreso    1,12 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN05-PC-05      Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación menor a seis            17,78  
- 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN06-PC-05      Nota media de acceso por preinscrición    7,75 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN07-PC-05      Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis  
82,22 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN08-PC-05      Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados                                    0,36 - 02/10/2013 -  
Anual-SIGC
- IN09-PC-05      Porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre matriculados                            6,5 - 02/10/2013 -  
Anual-SIGC
- IN10-PC-05      Relación de estudantes preinscritos sobre as prazas ofertadas (Grao) 87,5 - 02/10/2013 -  
Anual-SIGC
- IN12-PC-05      Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas    112,5 - 02/10/2013 -  
Anual-SIGC

Seguindo o que se recolle na Memoria de verificación do título, o acceso á titulación está habilitado para alumnos de procedencia diversa. Así, de forma xeral poden acceder a esta os alumnos (procedentes dos estudos de bacharelato, os que contan con experiencia profesional ou os maiores de corenta anos) que superen as probas de acceso á Universidade. Co fin de fomentar o coñecemento sobre a titulación e a súa difusión entre este colectivo de estudantes, e posibles futuros estudantes da titulación, realízanse charlas de profesores que ben poden empregar os medios xa establecidos pola USC, como o programa "A Ponte entre o ensino medio e a USC", ou ben, pola contra, despois dunha solicitude ao centro, participar nunha campaña de difusión máis persoal. Esta información, que se transmite polos responsables da titulación e que de xeito xeral se acompaña dunha presentación multimedia dispoñible na web do centro [http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeahistoria/descargas/Presentacixn\\_Grao\\_en\\_Historia\\_da\\_Arte.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeahistoria/descargas/Presentacixn_Grao_en_Historia_da_Arte.pdf) complementábase con aquela que ofrece a propia Universidade a través do mantemento actualizado da páxina web, na que aparece información do procedemento de matrícula.

Outra forma de recabar información sobre a titulación figura na páxina web da Facultade de Xeografía e Historia, na que figura información detallada da titulación (materias, programacións e horarios) (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/titulacions.html?plan=12734&estudio=12735&codEstudio=12332&valor=9>), Unha vez matriculados, os estudantes de primeiro, na primeira semana do curso, tal e como figura no seu horario oficial, contan cunha sesión informativa dos responsables da titulación, na que se lles explican os requisitos mínimos para a súa superación, as infraestruturas que poderán utilizar e o seu funcionamento do centro. Xunto con isto, e unha vez matriculados, os estudantes contan tamén, dentro do Programa A Ponte, coa figura de alumnos tutores, nos que os propios estudantes veteranos da titulación facilitan a orientación aos novos alumnos e o seu proceso de integración na propia Universidade; información á que o alumnado accede a través da propia web (Fonte.- [http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/modules/news/news\\_0001.html](http://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/modules/news/news_0001.html))

Estas actividades de presentación e de apoio aos novos estudantes complementábase durante o desenvolvemento do primeiro curso coa organización de reunións cuadrimestrais entre os alumnos e o coordinador de curso e do título para facilitar a comunicación entre estudantes e docentes, e para corrixir calquera desequilibrio e facilitar a integración dos alumnos no sistema universitario.

Estes datos levan a ter un claro reflexo na alta demanda de alumnos que se matriculan na titulación (Datos de matrícula.- Curso 2009-2010.- 78; Curso 2010-2011.- 143; Curso 2011-2012.- 219. Curso 2012-13. 277. Fonte. IN02-PC-05), o mesmo que na matrícula de novo ingreso, (Datos de matrícula de novo ingreso.- Curso 2009-2010.- 73; Curso 2010-2011.- 82; Curso 2011-2012.- 82. Curso 2012-13. 90. Fonte. IN03-PC-05), que leva a superar nos últimos anos o número de prazas ofertadas (Datos de prazas ofertadas.- Curso 2009-2010.- 80; Curso 2010-2011.- 80; Curso 2011-2012.- 80. Curso 2012-13. 80. Fonte. IN01-PC-05), o que produce unha evolución na matrícula de novo ingreso (Datos de variación de matrícula de novo ingreso. Curso 2009-2010.- Curso 2010-2011.- 12.3%; Curso 2011-2012.- 0%; Curso 2012-13.- 1.12%. Fonte.- IN04-PC-05). Igualmente cómpre sinalar que a maioría destes estudantes acceden

á titulación cunha nota media igual ou superior a seis (Datos de Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis.- Curso 2009-2010.-56.2; Curso 2010-2011.- 78; Curso 2011-2012.- 72; Curso 2012-13.- 82.22. Fonte.- IN07-PC-05), o que tamén se produce na preinscrición (Datos nota media de acceso por preinscrición. Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.- 7.75. Fonte.- IN06-PC-05).

Ademais, tamén hai que ter presente que a maioría de estudantes desta titulación son da comunidade galega, xa que a porcentaxe de estudantes de fóra da comunidade galega é reducido (Datos Porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre matriculados.- Curso 2009-2010.-2.56; Curso 2010-2011.- 2.8; Curso 2011-2012.- 1.83; Curso 2012-13.- 6.5. Fonte.- IN09-PC-05), malia que aínda é máis reducida a de estudantes estranxeiros que cursan a nosa titulación (Datos Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- 0.91; Curso 2012-13.- 0.36. Fonte.- IN08-PC-05)

Por último, hai que indicar que o incremento de matrícula de novo ingreso leva tamén a que se produza un incremento no número de estudantes preinscritos (Datos relación de estudantes preinscritos sobre prazas ofertadas.- Curso 2009-2010.-75; Curso 2010-2011.- 70; Curso 2011-2012.- 92.5; Curso 2012-13.- 87.5. Fonte.- IN010-PC-05), ao tempo que na porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas (Datos Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas.- Curso 2009-2010.-91.25; Curso 2010-2011.- 102.5; Curso 2011-2012.- 102.5; Curso 2012-13.- 112.5. Fonte.- IN012-PC-05), o que leva a propoñer unha modificación na oferta de prazas, cun incremento do número para axustarse á demanda da sociedade.

### Conclusión

O acceso e admisión do Grao é un procedemento aberto e público a través da información difundida na web da Universidade e na páxina do centro. Esta titulación ten unha alta demanda que supera as previsións que se recollían na memoria de verificación do título, polo que se pensa que de cara ao vindeiro curso é preciso incrementar o número de prazas ofertadas da titulación, medida coa que se pode corrixir o desaxuste.

### BOAS PRÁCTICAS:

1. Apertura ao acceso de alumnos con diferentes perfís, tanto de idade como profesionais.
2. Mantemento e actualización da páxina web, coa información xeneralizada e detallada da titulación.
3. Deseño dunha presentación informativa sobre a titulación que se dispón na páxina web, na que se recollen as condicións básicas do mesmo e as infraestruturas básicas do centro no que se imparte.  
<https://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/infotitulos.html>
4. Reunións de presentación do título cos alumnos do primeiro curso do Grao, fixados no horario oficial do Grao.
5. Mantemento e actualización do Plan de acción titorial
6. Participación no programa A Ponte, para difusión da titulación nos centros de ensinanza secundaria
7. Participación no programa de alumnos titores  
[https://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/modules/news/news\\_0001.html](https://www.usc.es/gl/centros/xeahistoria/modules/news/news_0001.html)

### PROPOSTAS DE MELLORA:

#### 1. Incrementar a oferta das prazas da titulación

- **Punto débil:** Existencia dunha maior demanda de prazas que as que se ofertan na titulación
- **Ámbito de aplicación:** Grao de Historia da Arte
- **Responsable:** Decanato, Xunta de Facultade, Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador
- **Obxectivos específicos:** Adecuar a oferta de prazas á demanda do alumnado
- **Actuacións a desenvolver:** Incrementar a oferta de prazas no primeiro curso do grao de Historia da Arte a 100 prazas debido a alta demanda do mesmo.
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/ financiamento:** Non se precisan
- **Responsable do seguimento:** Decano do Centro, Vicerreitor de Titulacións e Persoal Docente e Investigador
- **Indicadores de execución:** Oferta de prazas e prazas cubertas

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

### Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	X	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

- IN05-PC-05 Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación menor a seis 17,78  
- 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN06-PC-05 Nota media de acceso por preinscrición 7,75 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN07-PC-05 Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis  
82,22 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN08-PC-05 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados 0,36 - 02/10/2013 -  
Anual-SIGC
- IN09-PC-05 Porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre matriculados 6,5 - 02/10/2013 -  
Anual-SIGC
- IN16-PC-08 Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de  
matriculados 1,81 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN17-PC-08 Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de  
matriculados 5,42 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN21-PC-09 Estudantes egresados do título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron  
prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudantes egresados dese título no mesmo curso  
académico. 91,67 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN50-S01-PM-01 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida 3,81 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN51-S01-PM-01 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida 3,1 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

O Grao de Historia da Arte, como Plan de estudos adaptado ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), baséase no crédito ECTS, no que o alumno pode optar entre os 276 créditos que se ofertan, e dos que ten que realizar un total de 240, nos catro anos, tendo que realizar en cada ano 60 créditos, o que implica un equilibrio no reparto da carga docente. Estes créditos divídense en función das materias, que son públicas e están colgadas na web da titulación coa súa correspondente programación, en materias de formación básica (66 créditos), materias obrigatorias (126 créditos), materias optativas, entre as que se contempla as prácticas externas (12 créditos) e o Traballo Fin de Grao (12 créditos). Estas materias agrúpanse nunha serie de módulos: Historia e Xeografía (30 ECTS), Literatura (12 ECTS), Música (24 ECTS), Historia do cine e outras artes audiovisuais, Coñecementos sistemáticos e integrados no feito artístico (30 ECTS), Coñecementos sobre patrimonio histórico artístico (24 ECTS) e Coñecemento da Historia da Arte Xeral Universal. Esta diversidade de contidos e de áreas de coñecemento diferenciadas que participan nos estudos de Grao leva, dende hai anos, a incentivar os labores de coordinación, nos que participan os membros da Comisión da titulación con todos os profesores responsables de impartir a docencia, e que como mínimo se convocan catro, unha vez ao inicio de cada cuatrimestre e outra ao remate, na que os profesores se poñen de acordo en coordinar as diferentes materias do curso ou do módulo para evitar a repetición dos contidos, mellorar a calidade do ensino e dotar da mellor coherencia posible a titulación.

Un punto sempre necesario no que respecta á planificación das ensinanzas é o que se refire á planificación entre os diversos docentes para evitar a sobrecarga de traballo dos alumnos nas horas de docencia interactiva, así como, na medida do posible, que se repitan os traballos-autónomos que os alumnos deben realizar ao longo do curso.

Igualmente, outro dos aspectos que se tratan nas reunións de coordinación, primeiro polos responsables da titulación e a posteriori con todos os profesores implicados no título, é a planificación conxunta das prácticas de campo, para mellorar a xestión de recursos e proporcionar aos alumnos unha experiencia máis enriquecedora que se as prácticas se realizasen de xeito individual.

Aínda que con carácter xeral se pode afirmar que a planificación do ensino é axeitada, tal e como demostran os indicadores de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (Datos Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- Curso 2009-2010.-4.98; Curso 2010-2011.- 5.26; Curso 2011-2012.- 3.81; Curso 2012-13.- 3.81. Fonte.- IN50-S01-PM-01) e o de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (Datos Satisfacción do profesorado coa docencia impartida Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.- 3.1. Fonte.- IN51-S01-PM-01), débese seguir insistindo na necesidade de facer campañas de incentivación do profesorado, para establecer un maior compromiso dos profesores cos métodos de ensinanza aprendizaxe do Grao, no que o profesor ten que desenvolver un papel máis activo cunha maior implicación na coordinación das materias para lograr unha maior cohesión nas ensinanzas.

Do mesmo xeito, nesta parte de planificación hai que ter en conta que a maioría dos estudantes que cursan esta



titulación son alumnos maioritariamente galegos ou que proceden do ámbito da nosa comunidade (Dato. Porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre estudantes matriculados. Curso 2009-2010.-2.56; Curso 2010-2011.- 2.8; Curso 2011-2012.- 1.83; Curso 2012-13.- 6.5. Fonte.- IN09-PC- 05; Datos Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre os matriculados. Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- 0.91; Curso 2012-13.- 0.36. Fonte.- IN08-PC- 05), e que de xeito maioritario acceden á titulación cunha nota igual ou superior a 6 (Dato Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con nota igual ou superior a seis. Curso 2009-2010.-56.2; Curso 2010-2011.- 78; Curso 2011-2012.- 72; Curso 2012-13.- 82.22. Fonte.- IN07-PC-05), o que determina un perfil de alumno que fai que na planificación das diferentes materias o profesor trate sempre de establecer conexións coa súa realidade máis próxima. Igualmente, con respecto aos alumnos tamén na planificación das ensinanzas hai que ter presente que existen os programas de mobilidade do alumnado. Neste sentido, no caso da nosa titulación é máis alto o número de alumnos recibidos que os enviados, debido á forte presenza de alumnos da licenciatura e á aínda recente implantación do grao ((Dato Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados Curso 2009-2010.-2; Curso 2010-2011.- 3; Curso 2011-2012.- 22; Curso 2012-13.- 5.42. Fonte.- IN17-PC-08; Dato Porcentaxe de estudantes enviados pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados Curso 2009-2010.-0; Curso 2010-2011.- 1; Curso 2011-2012.- 3; Curso 2012-13.- 1.81. Fonte.- IN16-PC-08;).

Así mesmo, dentro deste aspecto débese indicar que todas as programacións que se aproban anualmente na titulación, nas que se especifican os obxectivos, competencias, contidos, bibliografía, metodoloxía da ensinanza, sistema de avaliación do aprendizaxe, tempo de estudo e traballo persoal que debe dedicar o estudante e recomendacións para o estudo, levan a mesma estrutura e responden aos criterios recollidos na Normativa. Os coordinadores dos diferentes cursos, previa aprobación por parte do Consello de Departamento e da Xunta de Facultade, realiza un informe sobre as mesmas, para que todas elas sigan o mesmo formato. Do mesmo xeito será necesario incentivar a realización de Guías Docentes entre os profesores, aínda que moitos deles xa as materializan, e estas son aprobadas en Xunta de Facultade do centro, estando a disposición dos alumnos matriculados das diferentes materias no campus virtual da USC.

Xunto con este aspectos cómpre salientar que para as prácticas externas da titulación (PAE) existe ademais unha planificación na que, tal e como figura no regulamento das mesmas, unha vez asinadas as prazas, o titor profesional e o titor académico do alumno manteñen unha xuntanza para definir o programa de formación do alumno e, de xeito continuo, durante o período de realización das mesmas teñen un seguimento constante, o que se ratifica na alta satisfacción do alumnado coas prácticas 4.36 (Datos elaborados de satisfacción xeral dos alumnos co programa de prácticas externas), por parte do titor externo 4.24 (Datos elaborados de satisfacción xeral dos titores externos co programa de prácticas externas), e do titor académico 4.76 (Datos elaborados de satisfacción xeral dos titores académicos co programa de prácticas externas)

Por último cómpre indicar que para superar os estudos o alumno debe superar un traballo fin de grao (TFG), cuxo regulamento é público (<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/regulamentos.html>) e o alumno debe de escoller, en función do seu interese, un campo temático para realizalo, ([http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Lixas\\_temxticas\\_dos\\_graos\\_de\\_Historiax\\_Art\\_e\\_e\\_Xeografxa.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Lixas_temxticas_dos_graos_de_Historiax_Art_e_e_Xeografxa.pdf)) para facilitar e clarificar o concepto ao alumnado, publícase na web do centro a listaxe dos traballos defendidos o curso anterior, ([http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Relacixn\\_de\\_TFG\\_defendidos.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Relacixn_de_TFG_defendidos.pdf)) traballo que é titorizado por un profesor do Grao, e que o ano pasado conseguiron superar un total dun 88.88% dos matriculados, e de xeito maioritario, un 80% dos alumnos, sacou unha puntuación igual ou superior a notable.

### Conclusións

A planificación do título, tal e como apuntan os diferentes indicadores, é axeitada, aínda que aparecen unha serie de indicios que deben intentarse corrixir coa adopción dunha serie de propostas de mellora

### BOAS PRÁCTICAS:

1. Mantemento de información pública relativa á planificación da titulación, na páxina web do centro, no que se especifica o PDA da titulación, o POD e as diferentes programacións en os dous idiomas oficiais da USC e o inglés, para facilitar a adecuación á política de internacionalización
2. Establecemento, por medio das reunións da Comisión da Titulación, de criterios xerais para a proceso de seguimento e de coordinación dos diversos aspectos da planificación das ensinanzas da titulación.
3. Elaboración dun regulamento para os Traballos Fin de Grao de Historia da Arte, e a difusión do mesmo a través da páxina web . [http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news\\_0010.html](http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news_0010.html)
4. Elaboración e promoción de convenios para a realización por parte dos estudantes das prácticas externas en empresas e elaboración do regulamento e do calendario de implantación previsto [http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news\\_0009.html](http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news_0009.html)
5. Efectuar reunións de coordinación entre os profesores que imparten docencia nos diferentes cuatrimestres e cursos cos coordinadores para planificar o contido do cuatrimestre docente e da realización de actividades complementarias nas diferentes materias.
6. Organización de cursos en liña de competencias informacionais para o alumnado.
7. Mantemento das titorías personalizadas, conforme co establecido na Memoria de Verificación do Título.
8. Organización dunha reunión informativa, específica para os alumnos, sobre saídas profesionais da Titulación.
9. Publicación dos horarios na web do centro, nun cadro que permite a fácil visualización por parte do PAS, PDI e alumnado, e que está dispoñible no apartado de novidades. [https://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news\\_0004.html](https://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news_0004.html)
10. Realización de prácticas de campo, sufragadas, por medio dunha convocatoria anual, polo centro responsable da titulación.

11. Adecuación dos horarios da titulación para optimizar o tempo dos estudantes
12. Acceso á información específica sobre obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación presentes nas programacións de cada materia e dispoñibles na páxina web do centro.  
<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12734&estudio=12735&codEstudio=12332&valor=9>
13. Complemento da ensinanza presencial por medio da utilización, por parte dos profesores do Campus virtual da USC, no que figuran en cada unha das materias as Guías Docentes, aprobadas pola Xunta de Facultade do Centro.

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

##### 1. Incrementar o número de grupos de docencia no primeiro curso do grao

- **Punto débil:** Número excesivo de alumnos por grupo de docencia expositiva e interactiva.
- **Ámbito de aplicación:** Grao de Historia da Arte.
- **Responsable:** Departamentos, Decano do centro, Vicerreitorado de Titulacións e Persoal Docente e Investigador.
- **Obxectivos específicos:** Fomentar a **capacidade** de interacción do profesorado e o seu papel activo nos métodos de ensinanza-**aprendizaxe** do alumnado.
- **Actuacións a desenvolver:** Debido ao número excesivo de estudantes por grupo de docencia expositiva e interactiva propónse aumentar o número de grupos en **ámbalos** dúas **modalidades** de docencia presencial co obxecto de facilitar a interacción do profesorado co alumnado. Para poder levar a cabo esta acción é necesario contar coa autorización da Vicerreitoría de Titulacións e PDI.
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/ financiamento:** Non se precisan
- **Responsable do seguimento:** Vicerreitorado/ Decanato / Departamentos
- **Indicadores de execución:** Os horarios **oficiais** da titulación

##### 2. Mellora da coordinación docente

- **Punto débil:** Necesidade de incrementar as actividades de coordinación docente para evitar solapamentos dos **contidos** entre as diferentes materias
- **Ámbito de aplicación:** Grao de Historia da Arte
- **Responsable:** Coordinadora de Título/Coordinadores de curso/Profesores
- **Obxectivos específicos:** Optimizar os recursos docentes para aplicar aos procedementos de ensinanza aprendizaxe
- **Actuacións a desenvolver:** Mellora da coordinación vertical (entre materias de distintos cursos) do grao e horizontal (materias do mesmo curso), co obxecto de evitar solapamentos de contidos e reparto de competencias.
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/ financiamento:** Non se precisan
- **Responsable do seguimento:** Coordinadores/ Profesores
- **Indicadores de execución:** Programacións de las materias/Guías docentes das diferentes materias

##### 3. Creación dunha convocatoria Fin de Grao para os alumnos das titulacións implantadas no centro

- **Punto débil:** Existe un límite de alumnos que non poden graduarse fora dos prazos establecidos da primeira e segunda oportunidade da convocatoria ordinaria, polo que é necesario facilitar o proceso de graduación cunha nova convocatoria
- **Ámbito de aplicación:** Grao de Historia da Arte
- **Responsable:** Decano do centro, Xunta de Facultade, Vicerreitorado de Titulacións e Persoal Docente e Investigador
- **Obxectivos específicos:** Creación dunha nova convocatoria no mes de xaneiro para flexibilizar o calendario de graduación dos alumnos facilitándolles o procedemento para rematar os seus estudos. Corresponderá a Vicerreitoría de Titulación e Persoal Docente e Investigador fixar a normativa correspondente para a súa aplicación no centro
- **Actuacións a desenvolver:** Crear un calendario de exames no mes de xaneiro.
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/ financiamento:** Non se precisan
- **Responsable do seguimento:** Decano do centro, Xunta de Facultade, Vicerreitorado de Titulacións e Persoal Docente e Investigador
- **Indicadores de execución:** Horario e calendario de exames do mes de xaneiro

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS

XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

## Recursos humanos

*Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>X</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

- IN50-S01-PM-01 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida 3,81 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN51-S01-PM-01 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida 3,1 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN23-PS-01 Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI con quinquenios.83,87 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN24-PS-01 Nº PDI doutor/Nº PDI total 100 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN25-PS-01 Relación porcentual entre o número total de PDI funcionario sobre o total de PDI 68,75 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN29-PS-01 Estudiantes por profesor 8,66 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN30-PS-01 Media de alumnos por grupo de teoría 60,67 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN31-PS-01 Media de alumnos por grupo de práctica 31 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

Todo o persoal académico que imparte docencia no Grao de Historia da Arte é suficiente para cubrir a oferta de materias do Grao. Se trata de un conxunto de profesores, que na súa totalidade teñen a condición de doutores (Dato Nº de PDI Doutor/Nº de PDI total.- Curso 2009-2010.-92.86; Curso 2010-2011.- 90.63; Curso 2011-2012.- 96; Curso 2012-13.- 100. Fonte.- IN24- PS-01)

e posúen contratos estables todo seles, entre os que destaca un alto número de funcionarios (Dato Relación porcentual entre o número total de PDI funcionario sobre o total de PDI - Curso 2009-2010.-60; Curso 2010-2011.- 73.7; Curso 2011-2012.- 70.4; Curso 2012-13.- 68.75. Fonte.- IN24- PS-01), persoal que garante unha formación continua nas diversas especialidades do Grao de Historia da Arte, que conta cunha ampla experiencia tanto de docencia nos primeiros anos como noutros de especialización como son as ensinanzas de Máster, aspecto que se exemplifica na satisfacción dos alumnos coa docencia recibida (Datos Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- Curso 2009-2010.-4.98; Curso 2010-2011.- 5.26; Curso 2011-2012.- 3.81; Curso 2012-13.- 3.81. Fonte.- IN50-S01-PM-01) ou na alta porcentaxe de profesorado con sexenios (Dato Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI con quinquenios.- Curso 2009-2010.-77.8; Curso 2010-2011.- 84.2; Curso 2011-2012.- 84.6; Curso 2012-13.- 83.87. Fonte.- IN23- PS-01).

Este PDI como se indicou polos datos cobre sobradamente coas cargas docentes da titulación, tal e como se manifesta na media de estudantes por profesor que é inferior a 10 alumnos (Dato Estudiantes por profesor Curso 2009-2010.-5.2; Curso 2010-2011.- 5.72; Curso 2011-2012.- 6.84; Curso 2012-13.- 8.66. Fonte.- IN29- PS-01), dato que se incrementa se se teñen en conta as horas expositivas (Dato Media de alumnos por grupo de teoría Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.- 60.67. Fonte.- IN30- PS-01), e interactivas da docencia (Dato Media de alumnos por grupo de práctica Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.- 31. Fonte.- IN31- PS-01), sendo o dato especialmente sensible polo elevado nestas últimas, que leva a incentivar os labores de coordinación entre os profesores para garantir a ensinanza de calidade.

Do mesmo xeito, polo que respecta ao PAS a titulación atópase perfectamente cuberta, xa que conta o centro no que se imparte cun total de 11 PAS que serven para resolver os problemas administrativos e de servizos que os alumnos precisen para mellorar a calidade do ensino.

#### Conclusións

Os recursos humanos son axeitados ás necesidades e requisitos desta titulación

#### BOAS PRÁCTICAS:

1. Participación dos profesores da titulación en cursos de formación do profesorado e innovación docente (PFID)
2. Integración do profesorado en Redes de innovación docente
3. Seguimento da docencia impartida polo profesor por medio dun sistema de control de firmas na aula, xestionado polo Decanato do centro
4. Reunións periódicas dos profesores con membros do equipo decanal para subsanar os problemas e mellorar cuestións relacionadas coa titulación

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

**1.- Potenciar a coordinación dos procesos administrativos e docentes**

- **Punto débil:** Imposibilidade de desenvolver unha actividade de coordinación entre os procesos de administración e docencia
- **Ámbito de aplicación:** Grao de Historia del Arte
- **Responsable:** Decano do centro/Xestora do centro
- **Obxetivos específicos:** Unificar nun mesmo **espazo o** persoal administrativo do centro e dos departamentos
- **Actuacións a desenvolver:** Coordinación de **servizos.**
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/ financiamento:** Non se precisan.
- **Responsable do seguimento:** Vicerreitorado/ Decanato/ Coordinadores/ Profesores.
- **Indicadores de execución:** Unificación espacial do **persoal** administrativo do decanato e dos departamentos

BREVE DESCRIPCIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Recursos materiais e servizos							
<p>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>A Facultade na que se imparte o título dispón de todos os servizos para a impartición do Grao de Historia da Arte. Independentemente de que estas necesidades estean cubertas, é preciso en edificios históricos como este centro realizar unha política de mantemento continuo para garantir o seu bo funcionamento.</p> <p>Neste sentido débese sinalar que é unha necesidade dos novos títulos adaptados ao sistema EEES actualizar constantemente o sistema de ensino, polo que se precisa a creación de espazos diversos, multifuncionais para traballos e titorías en grupos, polo que é necesario acondicionar para iso, de forma gradual, todas as aulas cuxas dimensións non se axustan perfectamente ás novas previsións.</p> <p>O propio feito de ocupar un edificio histórico é un motivo que sen dúbida ofrece atractivo ao título; tamén constitúe un elemento problemático en canto á posibilidade de levar a cabo as reformas precisas. Para a rehabilitación do inmovible necesitaríase un Plan director co obxecto de abordar a rehabilitación integral e adecuado perfectamente ás novas necesidades. Non obstante, debido á situación económica, as accións tenden á mellora de instalacións ou das súas infraestruturas de xeito gradual pero continuo, para levar a cabo o mantemento da construción mentres non se produza a citada rehabilitación integral.</p> <p>Isto tamén é un problema para levar a cabo reformas puntuais como a de dotar o edificio dun sistema de accesibilidade de persoas con dificultades especiais. Porén, o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que posibilita a entrada destas persoas. Así mesmo conta cun ascensor que comunica as plantas principais da Facultade e permite salvar os espazos non adaptados para estas necesidades especiais.</p> <p>O edificio dispón dun total de 19 aulas e 6 seminarios. Todos eles están dotados de sistemas de proxección dixital, conexión á internet e wifi. Así mesmo cóntase cun laboratorio de prehistoria e xeografía, un aula de cartografía e tres aulas de informática cun total de 68 postos. Ademais, a biblioteca do centro dispón dunha dotación de fondos ampla (Datos. Fondos Bibliográficos, curso 2009-2010.- 114900 monografías y 2477 publicacións periódicas, Curso 2010-2011. 121822 monografías e 2606 publicacións periódicas; Curso 2011-2012.- 124113, e 2844 publicacións periódicas; Curso 2011-12 125959 monografías e 2732 publicacións periódicas <a href="#">IN36-PS-02</a>), con 428 prazas para usuarios que poden dispor de computadores de acceso libre para traballos individuais e computadores de préstamo.</p> <p>O descenso que reflicte a taxa de postos de lectura na biblioteca da Facultade (Fonte. Disponibilidade de postos de lectura en bibliotecas e por estudante e equivalente a tempo completo Curso 2009-10. 452. Curso 2010-11, 461 e Curso 2011-12. 428- Curso 2012-13. 428 <a href="#">IN37-PS-02</a>), vén motivada polo proxecto de reforma levado a cabo na Sala de Lectura para adecuar as instalacións ás demandas da sociedade actual, o que implica unha mellora dos servizos que explican esta perda mínima do seu aforo, o que fai que non se aprecie na taxa de postos de lectura por estudante, que para o ano 2012-13 presenta unha ratio de 0.50 por estudante.</p> <p><b>Conclusión</b></p> <p>O edificio conta cunhas dotacións suficientes para o ensino universitario, aínda que é certo que se fai necesaria, debido ao seu carácter histórico, unha intervención que mellore as súas instalacións e a accesibilidade ás mesmas.</p>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Dotación e renovación de material informático en todas as aulas a través de accións de mellora.</li> <li>Financiamento do centro para os fondos da biblioteca e o material informático da mesma</li> <li>Mellora do sistema de xestión de licenzas dos programas informáticos manexados na docencia</li> <li>Reforzo da rede wifi do centro</li> <li>Adquisición de programas informáticos para a docencia.</li> </ol>							
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p> <p><b>1.- Creación de espazos de traballo común para o estudantado.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li><b>Punto débil:</b> Necesidade de maior número de espazos de traballo común para que os alumnos, xa que a nova metodoloxía docente establece a adquisición de competencias para actividades realizadas en grupos reducidos, - pequenos traballos-, a participación activa do alumno e o desenvolvemento de proxectos a través das TIC.</li> <li><b>Ámbito de aplicación:</b> Facultade de Xeografía e Historia</li> <li><b>Responsable:</b> Decano do centro.</li> <li><b>Obxectivos específicos:</b> Acondicionar unha sala na Facultade para a realización de traballos en grupo dos</li> </ul>							

alumnos.

- **Actuacións a desenvolver:** Crear un espazo de traballo en grupo para o alumnado. Considérase que pode ser axeitado destinar a tal efecto o lugar que ocupaba a antiga fotocopiadora.
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/ financiamento:** Sen cuantificar
- **Responsable do seguimento:** Decano do centro.
- **Indicadores da execución:** Execución do proxecto e creación do espazo de traballo.

**2.- Mellora e impermeabilización da cuberta do edificio e reparación das baixantes de pluviais.**

- **Punto débil:** Problemas de impermeabilización da cuberta do edificio e da condución de pluviais o que xera unha deterioración importante da fábrica da Facultade
- **Ámbito de aplicación:** Facultade de Xeografía e Historia
- **Responsable:** Decano do centro/Vicerreitoría de Infraestruturas
- **Obxectivos específicos:** Evitar as filtracións na fábrica producidas polo mal estado da cuberta e das baixantes de pluviais.
- **Actuacións a desenvolver:** Reparación da cuberta do edificio para evitar as filtracións de auga e a deterioración do inmovible. Esta acción dependerá do financiamento que se conceda dende a Vicerreitoría de Infraestruturas e os correspondentes permisos de obras do concello.
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/ financiamento:** Dependente do financiamento da obra RAM
- **Responsable do seguimento:** Decano do centro/ Vicerreitoría de Infraestruturas
- **Indicadores da execución:** Mellora das condicións de impermeabilización do inmovible.

**3.- Mellora na dotación de prazas nas aulas de informática do centro**

- **Punto débil:** Número insuficiente de postos de traballo para os alumnos
- **Ámbito de aplicación:** Facultade de Xeografía e Historia
- **Responsable:** Decano do centro
- **Obxectivos específicos:** Optimización de recursos docentes acordados coas necesidades.
- **Actuacións a desenvolver:** Substitución dunha das antigas aulas de informática por unha nova con máis postos e maior dotación. Para acometer dita acción procederase a substituír o uso da aula de informática dos alumnos por outro lugar.
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/ financiamento:** Dentro do plan de acción de mellora
- **Responsable do seguimento:** Decano do centro/Reitorado
- **Indicadores da execución:** Funcionamento da nova aula co equipamento axeitado

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

## Resultados previstos

*Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>X</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

- IN40-S01-PM-01 Taxa de rendemento 84,2 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN41-S01-PM-01 Taxa de éxito 91,56 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN42-S01-PM-01 Taxa de avaliación 91,97 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN43-S01-PM-01 Taxa de graduación 0,01 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN44-S01-PM-01 Duración media dos estudos 4 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN45-S01-PM-01 Eficiencia dos titulados 97,77 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN46-S01-PM-01 Taxa de abandono durante o primeiro curso 12,99 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN47-S01-PM-01 Taxa de abandono RD 1393 0,01 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IXA-04 Actas Fora de Prazo 10,59 - 02/10/2013

Este ano por primeira vez, e unha vez implantados a totalidade dos estudos de Grao, cóntase con referencias para a totalidade da titulación, o que permite facer unha reflexión en profundidade da mesma. Con estes estudos produciuse un cambio nos aspectos de ensinanza-aprendizaxe, o que supón un reto para os docentes, que tiveron que facer un esforzo para conseguir implicar os alumnos nun sistema que lles resultaba totalmente novidoso. Tal e como se prevía na Memoria de verificación do Grao, na que se indicaba que a Taxa de eficacia da titulación roldaría aproximadamente un 90%, o resultado é positivo, tal e como indica a Taxa de éxito do título, na que se supera a cifra prevista na referida memoria, alcanzando un 91.56 . (Fonte. Taxa de éxito Curso 2009-10. 82. Curso 2010-11, 87.3 e Curso 2011-12. 84.4- Curso 2012-13. 91.56 [IN41-S01- PM-02](#)), dato que é superado polo que fai referencia á Taxa de Avaliación que é dun 91.97 (Fonte. Taxa de avaliación Curso 2009-10. 77.5. Curso 2010-11, 87.6 Curso 2011-12. 88.4- Curso 2012-13. 91.97 [IN42-S01- PM-02](#)), que sen dúbida constitúen porcentaxes elevadas, xa que superan as previsións recollidas na Memoria da Titulación. Fonte.-

[http://www.usc.es/export/sites/default/gi/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/Taxa\\_xxito.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gi/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/Taxa_xxito.pdf)

Xunto con estes datos positivos, tamén temos que analizar dentro destes resultados que apuntan favorablemente aos resultados previstos, os que se acadan na duración media que tardan os alumnos en cursar os estudos (Fonte. Duración media dos estudos Curso 2009-10. s/d. Curso 2010-11, s/d e Curso 2011-12. s/d- Curso 2012-13. 4 [IN44-S01- PM-02](#)), e de xeito máis significativo na taxa de eficiencia dos titulados que alcanza un 97.77, (Fonte. Eficiencia dos titulados Curso 2009-10. s/d. Curso 2010-11, s/d e Curso 2011-12. s/d- Curso 2012-13. 97.77 [IN45-S01- PM-02](#)), o que sen dúbida é francamente positivo.

Así mesmo, outro dos indicadores que se empregan para esta avaliación, o da taxa de rendemento do título (porcentaxe de créditos que superaron os alumnos dos que se matricularon nun determinado ano académico), experimentou a diferenza do anterior unha evolución máis positiva, o que implica o compromiso dos alumnos a medida que van cursando a titulación que fai que se incremente a taxa, tras un lixeiro descenso o curso anterior, o que implica a superación das dificultades para o alumno no momento que se produce un cambio de materias xerais a materias específicas, así como a conveniencia de manter o carácter optativo nos estudos (Fonte. Taxa de rendemento Curso 2009-10. 63.5. Curso 2010-11, 76.57 e Curso 2011-12. 74.6- Curso 2012-13. 84.2 [IN40-S01- PM-02](#)); datos positivos que non poden facernos esquecer unha referencia importante que nos vindeiros cursos debería de intentarse reducir para mellorar, se cabe, os resultados. Un dato, sobre o que tanto os profesores como os responsables do título deben traballar por superar, é o que aporta a Taxa de abandono durante o primeiro curso que supera, aínda que lixeiramente, o 10%. (Fonte. Taxa de abandono durante o primeiro dos cursos Curso 2009-10. s/d. Curso 2010-11, s/d. e Curso 2011-12. s/d. - Curso 2012-13. 12.99 [IN46-S01- PM-02](#)). Non se cre que se trate dun problema grave, pero si hai que ter en conta, no momento en que se teñan datos máis xerais de cara a corrixir unha tendencia que non vaia en aumento, senón que tenda a reducirse.

Sen dúbida estes resultados conseguíronse, en boa medida, polo compromiso levado a cabo tanto polos profesores, quen entregaron de forma maioritaria as actas dentro de prazo establecido polo sistema, sendo soamente un 10.59 aqueles que as entregaron fóra de prazo (Fonte. Actas fora de prazo Curso 2012-13. 10.59. Fonte IXA-04), como polos alumnos. Este compromiso debe continuar e ata incrementarse para manter os indicadores en cotas elevadas que permitan consolidar os criterios da titulación, ao tempo que mellorar aquelas deficiencias que garanten os resultados da Titulación de Graduado en Historia da Arte.

#### Conclusións

Os resultados previstos da titulación son moi favorables, o que implica manter os criterios seguidos e tratar de mellorar aqueles que posibiliten accións comúns entre o profesorado para potenciar a mellora de resultados entre os alumnos.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Fomentar a participación e o compromiso dos alumnos e dos profesores co sistema de ensinanza-aprendizaxe establecida na titulación.
2. Mantemento e potenciación do sistema de titorías en grupos reducidos, tal e como se recolle no horario, para facilitar a detección de problemas de aprendizaxe dos alumnos e mellorar así o seu rendemento académico.
3. Racionalización dos horarios para propiciar a continuidade entre as horas presenciais dos alumnos.
4. Concretar e difundir, na páxina web do centro a través dun enlace, a páxina da Vicerreitoría de Calidade, os indicadores básicos Taxa de rendemento, abandono, eficacia e gradación...  
<http://www.usc.es/gl/centros/xeoistoria/graoarte.html>
5. Reunións de coordinación entre os diferentes docentes das distintas materias

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS



## Sistema de garantía da calidade

*Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>X</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

- IN18-PC-09 Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas 0,01 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN20-PC-09 Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas 0,01 - 02/10/2013 - Anual-SIGC
- IN52-PM-02 Taxa de resposta nas medicións realizadas (egresados, alumnado coa docencia recibida, profesorado coa docencia impartida, prácticas externas, mobilidade) 38,64 - 02/10/2013 - Anual-SIGC

O curso 2010-2011 o SGIC da Facultade de Xeografía e Historia foi presentado á súa verificación pola ACSUG, aprobación do mesmo que se produciu o 20 de marzo de 2012, tal e como figura na web do centro. A pesar desta aprobación hai que ter presente que a súa implantación pode resultar complexa, sendo os responsables conscientes deste feito, polo que se procedeu a realizar un Manual simplificado do mesmo que posibilite a súa posta en marcha e a súa aplicación na titulación.

Este feito pode explicar que, aínda que existe un manual abreviado para a posta en marcha do sistema interno de garantía da facultade e que se crearon a maioría das comisións que prevé a lexislación para os títulos adaptados ao EEES, tal e como figura na web do centro (Fonte.- <https://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/comisions.html>), debido a dificultade que presentaba a posta en marcha, non se poido poñer en funcionamento, tal e como se desexaba, polo que de cara ap curso que ven, para garantir o cumprimento do sistema, esta previsto desenvolver o Plan estratéxico, a Programación plurianual e a creación da comisión externa, todos eles fundamentais para garantir a calidade da titulación.

O problema e a búsqueda das solucións, que talvez atrasou o procedemento de implantación, xunto co xa indicado da dificultade do SIGC, é o feito que ata este curso non rematou a convivencia dos estudos de Grao cos de Licenciatura, o que provocou unha duplicidade de procedementos vinculados ás dúas titulacións propostas con principios moi diferentes.

#### Conclusións,

o SGIC da Facultade de Xeografía e Historia permite que todos os procedementos de xestión do centro, tanto de cara ao estudiantado como aos profesores e ao persoal de administración e servizo, sexan transparentes e públicos.

#### BOAS PRÁCTICAS:

1. O Sistema Interno de Garantía de Calidade é público ao estar na páxina web do centro, cun vínculo específico
2. Difundir na páxina web do centro información relativa á calidade da titulación: informes de seguimento e a súa avaliación por parte da ACSUG
3. Mantemento e coexistencia de procedementos e modelos de titulacións diferenciadas (Licenciatura e Grao)
4. Creación de enquisas de centro nas que se recolla o grao de satisfacción co programa das PAE
5. Creación de indicadores do centro que permitan avaliar o programa das PAE e o dos TFG

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

##### 1. Creación dun manual simplificado do SIGC e implementación dunha aplicación informática

- **Punto débil:** Alta complexidade no procedemento de xestión do SGIC e dificultade para a súa xestión
- **Ámbito de aplicación:** Grao en Historia da Arte, Facultade de Xeografía e Historia
- **Responsable:** Decano do centro, Comisión do Sistema Interno de Garantía de Calidade, Vicerreitoría de Calidade e Igualdade social
- **Obxectivos específicos:** Poder xestionar de forma áxil os procedementos do Sistema Interno de Garantía de Calidade
- **Actuacións a desenvolver:** Elaborar e deseñar unha aplicación informática e o manual simplificado do Sistema Interno de Garantía de Calidade
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/financiamento:** Non necesita
- **Responsable do seguimento:** Decano do centro, Vicerreitorado de Calidade e Igualdade Social
- **/financiamento:** A **dispoñibilidade** da aplicación e aprobación do manual simplificado

**2. Revisión e actualización do regulamento interno do centro**

- **Punto débil:** Coexistencia de regulamentos de sistema de estudos diferenciados pola convivencia de títulos diferentes (Licenciatura e Grao)
- **Ámbito de aplicación:** Grao de Historia da Arte
- **Responsable:** Decano do centro, Xunta de Facultade
- **Obxectivos específicos:** Simplificar o regulamento interno
- **Actuacións a desenvolver:** Debido á duplicación de comisións e funcións das mesmas como consecuencia da existencia de dous modelos diferentes -licenciatura e grao- propónse a unificación das comisións duplicadas
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos//financiamento:** Non necesita
- **Responsable do seguimento:** Decano do centro, Xunta de Facultade
- **Indicadores de /financiamento:** As diferentes comisións da Facultade

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Calendario de implantación						
<p>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</p>						
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>						
<b>Satisfactoria</b>	<b>X</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>
						<b>D</b>
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>O proceso de implantación do Grao en Historia da Arte completouse dunha forma plenamente satisfactoria, posto que se cumpriu a programación anual proposta na memoria de verificación, polo que se pode afirmar que o Grao de Historia da Arte se atopa plenamente implantado na USC.</p> <p>No ano no que se produciu a implantación coincidiu no tempo co ano no que se extinguía o quinto curso da Licenciatura, o que garante poder cumprir así o obxectivo do Ministerio de que os alumnos puidesen ata 2015 finalizar os estudos no plan de estudos no que o iniciaron, para o que se adoptaron medidas como a de incorporar, dende o curso 2011-2012, unha nova oportunidade de recuperación, para darlles facilidades á hora de rematar os estudos no Plano no que foron iniciadas, e para aqueles alumnos que non o consigan, o centro propuxo un calendario de extinción das materias</p> <p><b>Conclusións</b></p> <p>O procedemento de implantación do Grao completouse de forma totalmente satisfactoria</p>						
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Cumprimento do calendario de implantación do título.</li> <li>Elaboración de calendarios de exames da oportunidade de recuperación</li> <li>Elaboración dunha táboa de adaptación das materias de Licenciatura ao Grao, que sirva para aqueles alumnos que non poidan superar as materias na Licenciatura e a súa publicación na web do centro  <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/xehistoria/descargas/Resol_adaptacion_Historia_Arte.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/xehistoria/descargas/Resol_adaptacion_Historia_Arte.pdf</a></li> </ol>						
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>						
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>		

#### 4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado...)
<b>Emendar</b> erros na denominación dunha materia que aparecía enunciada de dúas formas diferentes	Corrección e revisión das denominacións das materias de Grao en todos os capítulos da Memoria do título

INFORMES DE SEGUIMIENTO (2011-12)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (datas, incluíndo datas. responsable, estado...)
Informe de seguimento. Curso 2011-2012 Obxetivos e competencias Especificación do ámbito de aplicación da enquisa sobre obxectivos e competencias da titulación	Para definir o ámbito de aplicación da enquisa, deseñouse unha acción de mellora que se incorporou no aplicación do sistema de garantía de calidade (acción AM-5) e que fai referencia á elaboración de varias preguntas que recollan a opinión dos alumnos e dos titores profesionais sobre os seguintes puntos: grao acadado nas competencias por partes dos alumnos en relación ás competencias do título; opinión dos titores profesionais sobre a organización das prácticas externas; enquisa que figura no regulamento das mesmas, ao tempo que se fixo público o resultado na web do centro <a href="http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/pae.html">http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/pae.html</a>
Informe de seguimento. Curso 2011-2012 Acceso e admisión de estudantes Proposta de modificar o calendario de ingreso para os alumnos	Este aspecto non pode ser arranxado pola titulación nin polos organismos do centro no que se imparte, xa que se trata dunha medida que compete á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal docente e investigador e afecta a todas as titulacións da USC Para poñer unha posible solución a este aspecto, óptase por coordinar medidas de flexibilización entre os profesores que imparten docencia no primeiro cuadrimestre para corrixir esta distorsión, medidas que cada un dos profesores recolle na guía docente que se atopa publicada no campus virtual
Informe de seguimento. Curso 2011-2012 Acceso e admisión de estudantes Deseño dun folleto informativo da titulación	Co fin de optimizar recursos deseñouse unha presentación informativa para as charlas de captación de alumnado que realizan os profesores do Grao de Historia da Arte, presentación que para aumentar a súa difusión se inclúe na web do centro <a href="http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/infotitulos.html">http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/infotitulos.html</a>
Informe de seguimento. Curso 2011-2012 Planificación das ensinanzas Mellorar a información que os estudantes reciben en relación as ensinanzas	Aumentar o compromiso dos profesores co uso do campus virtual da USC, e mellorar a coordinación, incrementando as reunións dos diferentes profesores cos membros da Comisión do título, para traballar nunha estrutura de información semellante de aspectos da titulación a comunicar a todos os alumnos por parte dos membros que imparten docencia no título, mellorando con iso a calidade da información proporcionada a nivel xeral aos alumnos
Informe de seguimento. Curso 2011-2012 Recursos humanos Adecuación do persoal de administración e servizos	Para mellorar a implicación do persoal de administración e servizos coa titulación <b>proponse</b> , unha vez detectada a deficiencia, realizar <b>unha</b> potenciación da coordinación entre os procedementos docentes e administrativos, para o que se <b>prevé</b> realizar a unificación nun mesmo <b>espazo</b> do persoal administrativo do centro e dos departamentos
Informe de seguimento. Curso 2011-2012 Recursos humanos Enquisa de satisfacción sobre o profesorado e os PAS	Este aspecto non pode ser arranxado pola titulación nin polos organismos do centro no que se imparte, xa que se trata dunha medida que compete á Vicerreitoría de Calidade e Igualdade Social, xa que é un ámbito que <b>excede</b> á titulación e ao centro no que se imparte
Informe de seguimento. Curso 2011-2012 Resultados Tendencia descendente dos indicadores de Resultados previstos no último curso	<b>Parecía</b> que os indicadores de resultados establecían unha tendencias descendente nos resultados previstos da <b>titulación</b> , tendencia que foi analizada neste curso, chegando á conclusión debido <b>ao</b> remonte dos datos, de que se trata <b>dun</b> feito puntual que se <b>supera</b> neste curso. <b>A pesar disto</b> , ao longo do curso 2013-14, seguirase observando para intentar <b>corrixir calquera</b> desviación nese sentido.
Informe de seguimento.	Modificación na páxina web do centro especialmente no relativo ás PAE e a TFG,

<p>Curso 2011-2012 Mellorar e clarificar os indicadores e a información pública da titulación</p>	<p><a href="http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/pae.html">http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/pae.html</a> <a href="http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/tfg.html">http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/tfg.html</a> así como dos datos da Vicerreitoría de calidade e igualdade que figuran na web da titulación <a href="http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/titulacions.html?plan=12734&amp;estudio=12735&amp;codEstudio=12332&amp;valor=9">http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/titulacions.html?plan=12734&amp;estudio=12735&amp;codEstudio=12332&amp;valor=9</a></p>
---	---



# ACCIÓN: AM-1

**Sistema de xestión** Grao en Historia da Arte

**Finalización do proceso previsto** 29 Agosto 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión do título do grao de Historia da Arte- Reunión do 10 de decembro de 2013

**Análisis da(s) causa(s)**

**Descrición da proposta** Revisión da memoria de verificación do título do grao de Historia da Arte

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-1.1 - Estudio, modificación, actualización e corrección da memoria de verificación do título para mellorar aspectos que subsanen as deficiencias detectadas durante o proceso de implantación.	M <sup>a</sup> Teresa Vázquez Barbazán	ACTIVO	29/08/2014

**Activa**





## ACCIÓN: AM-2

**Sistema de xestión** Grao en Historia da Arte

**Finalización do proceso previsto** 31 Xaneiro 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión da titulación do grao de Historia da Arte - Comisión de 10 de decembro de 2013

**Análisis da(s) causa(s)**

**Descrición da proposta** Incrementar a oferta das prazas da titulación.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-2.1 - Incrementar a oferta de prazas no primeiro curso do grao de Historia da Arte a 100 prazas debido a alta demanda do mesmo. Para isto será necesario contar coa autorización da Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador.	Juan M. Monterroso Montero	ACTIVO	31/01/2014

**Activa**



## ACCIÓN: AM-3

**Sistema de xestión** Grao en Historia da Arte

**Finalización do proceso previsto** 29 Agosto 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Begoña Fernández Rodríguez

**Descrición da orixe** Comisión da titulación do grao de Historia da Arte - Comisión do 10 de decembro de 2013

**Análisis da(s) causa(s)**

**Descrición da proposta** Mellora da coordinación docente.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-3.1 - Mellora da coordinación vertical (entre materias de distintos cursos) do grao e horizontal (materias do mesmo curso), co obxecto de evitar solapamentos de contidos e reparto de competencias.	M <sup>a</sup> Teresa Vázquez Barbazán	ACTIVO	29/08/2014

**Activa**



## ACCIÓN: AM-4

**Sistema de xestión** Grao en Historia da Arte

**Finalización do proceso previsto** 31 Xaneiro 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión da titulación do grao de Historia da Arte - Comisión do 10 de decembro de 2013

**Análisis da(s) causa(s)**

**Descrición da proposta** Incrementar o número de grupos de docencia no primeiro curso do grao.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-4.1 - Debido ó número excesivo de estudantes por grupo de docencia expositiva e interactiva propónse aumentar o número de grupos en ambas dúas modalidades de docencia presencial co obxecto de facilitar a interacción do profesorado co alumnado. Para poder levar a cabo esta acción é necesario contar coa autorización da Vicerreitoría de Titulacións e PDI.	Juan M. Monterroso Montero	ACTIVO	31/01/2014

**Activa**



# ACCIÓN: AM-1

---

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 30 Xuño 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión del Sistema Interno de Garantía de Calidade - Comisión do 13 de decembro de 2013

**Análisis da(s) causa(s)**

**Descrición da proposta** Elaboración do plan estratéxico, programación plurianual e plan de mellora do centro.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-1.1 - Definir as liñas de acción e interese das titulacións do centro para planificar o futuro próximo, tendo en conta as novas esixencias sociais e científicas do século XXI.	M <sup>a</sup> Teresa Vázquez Barbazán	ACTIVO	30/06/2014

**Activa**





## ACCIÓN: AM-2

**Sistema de xestión** Grao en Historia

**Finalización do proceso previsto** 13 Decembro 2013

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Propostas de Mellora

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión de Prácticas Externas. Reunión do 14 de novembro de 2013.

### Análisis da(s) causa(s)

**Descrición da proposta** Elaboración de varias preguntas que recollan a opinión dos alumnos e os titores profesionais sobre os seguintes puntos: grado acadado nas competencias por partes dos alumnos en relación ás competencias do título; opinión dos titores profesionais sobre a organización das prácticas.  
 O obxecto desta proposta é recoller a opinión dos axentes externos asociados có título.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-2.1 - Incorporar as preguntas disenhadas pola Comisión das Prácticas Académicas Externas na documentación relativa as PAE, visible na páxina web do centro.	Juan M. Monterroso Montero	ACTIVO	13/12/2013

**Activa**



## ACCIÓN: AM-2

---

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 31 Xaneiro 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión do Sistema Interno de Garantía de Calidade - Comisión do 13 de decembro de 2013

**Análisis da(s) causa(s)**

**Descrición da proposta** Creación dunha convocatoria de fin de grao para os alumnos das titulacións implantadas no centro.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-2.1 - Creación dunha nova convocatoria no mes de Xaneiro para flexibilizar o calendario de graduación dos alumnos facilitándolles o procedemento para rematar os seus estudos. Corresponderá a Vicerreitoría de Titulación e Persoal Docente e Investigador fixar a normativa correspondente para a súa aplicación no centro.	M <sup>a</sup> Teresa Vázquez Barbazán	ACTIVO	31/01/2014

**Activa**



## ACCIÓN: AM-3

---

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 31 Xullo 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión de Calidade do Centro - Comisión do 13 de decembro de 2013

**Análisis da(s) causa(s)**

**Descrición da proposta** Potenciar a coordinación dos procesos administrativos e docentes.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-3.1 - Unificar nun mesmo espacio ó persoal administrativo do centro e dos departamentos.	M <sup>a</sup> Teresa Vázquez Barbazán	ACTIVO	31/07/2014

**Activa**



## ACCIÓN: AM-4

---

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 31 Xullo 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión de Calidade do Centro - Comisión do 13 de decembro de 2013.

**Análisis da(s) causa(s)**

**Descrición da proposta** Creación de espazos de traballo común para o estudiantado.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-4.1 - Crear un espazo de traballo en grupo para o alumnado. Considerase que pode ser axeitado destinar a tal efecto o lugar que ocupaba a antiga fotocopiadora.	M <sup>a</sup> Teresa Vázquez Barbazán	ACTIVO	31/07/2014

**Activa**





## ACCIÓN: AM-5

---

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 31 Xullo 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión de Calidade do Centro - Comisión do 13 de decembro de 2013

### **Análisis da(s) causa(s)**

**Descrición da proposta** Mellora e impermeabilización da cuberta do edificio e reparación das baixantes de pluviais.

<b>Solución proposta</b>	<b>Responsable</b>	<b>Estado</b>	<b>Data requerida</b>
AM-5.1 - Reparación da cuberta do edificio para evitar as filtracións de auga e o deterioro do inmovible. Esta acción dependerá da financiación que se conceda dende a Vicerreitoría de Infraestructuras e os correspondentes permisos de obras do concello.	Juan M. Monterroso Montero	ACTIVO	31/07/2014

**Activa**



## ACCIÓN: AM-6

---

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 31 Xullo 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión de Calidade do Centro - Comisión do 13 de decembro de 2013.

### Análisis da(s) causa(s)

**Descrición da proposta** Mellora na dotación de prazas nas aulas de informática do centro.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-6.1 - Substitución dunha das antigas aulas de informática por unha nova con máis postos e maior dotación. Para acometer dita acción procederase a substituír o uso da aula de informática dos alumnos para outro lugar.	M <sup>a</sup> Teresa Vázquez Barbazán	ACTIVO	31/07/2014

**Activa**



## ACCIÓN: AM-7

---

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 31 Xullo 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión de Calidade do Centro - Comisión do 13 de decembro de 2013

### Análisis da(s) causa(s)

**Descrición da proposta** Revisión e actualización do regulamento interno do centro.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-7.1 - Debido a duplicación de comisións e funcións das mesmas como consecuencia da existencia de dous modelos diferentes -licenciatura e grao- proponse a unificación das comisións duplicadas.	Juan M. Monterroso Montero	ACTIVO	31/07/2014

**Activa**



## ACCIÓN: AM-8

---

**Sistema de xestión** Facultade de Xeografía e Historia

**Finalización do proceso previsto** 31 Xaneiro 2014

**Tipo** Acción de mellora

**Orixe da acción** Informe de Seguimento

**Responsable** Juan M. Monterroso Montero

**Descrición da orixe** Comisión de Calidade do Centro - Comisión do 13 de decembro de 2013

### Análisis da(s) causa(s)

**Descrición da proposta** Creación dun manual simplificado do SIGC e implementación dunha aplicación informática.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-8.1 - Dende a Vicerreitoría de Calidade impulsouse a elaboración dun manual simplificado do SGIC co obxecto de acadar a súa millor implantación. Do mesmo xeito dita acción conleva o desenvolvemento dunha aplicación informática que axilice e facilite a mellor xestión dos procesos de calidade e seguimento dos títulos adscritos ó centro.	Juan M. Monterroso Montero	ACTIVO	31/01/2014

**Activa**

